KITep

kit de ferramentas para a **e**ducación **p**atrimonial

Grupo de Innovación Docente
en Educación Patrimonial
Universidade Vigo

QUEN FAI ESTE KIT?

Contido e edición:
Adela Vázquez Veiga
Ilustracións e imaxes:
Adela Vázquez Veiga, Claudia Novelo Alpuche
Beatriz Calero e Willi Raúl López Flores
Corrección lingüística:
Adrián Estévez Iglesias
Coordinación:
Grupo de Innovación Docente en EducAcción Patrimonial
[GIDEP]
Impresión:
Deimpresión

ISBN: 978-84-09-34652-3

Editado mediante unha axuda económica
para a divulgación das actividades
dos grupos de innovación docente
da Universidade de Vigo na súa convocatoria 2021

gidep@uvigo.es

Recoñecemento-NonComercial 4.0 Internacional

Escribo este manual dende o meu cuarto [propio] conectado,
froito das experiencias compartidas durante dezaseis anos
entre a miña terra nai, Galiza, e a miña terra de acollida, Yucatán.
Este kit é un agasallo para tódalas persoas
que estiveron e están presentes, aquí e acolá.

ÍNDICE

01 Introdución

02 Que é KITep?

03 Para que KITep?

04 Como usar KITep?

05 Kit de ferramentas

06 Kit de suxestións

07 Kit de recursos

01 INTRODUCIÓN

Falar de patrimonio cultural tería que pasar por falar das controversias que entraña, non só o termo en si mesmo senón tamén as prácticas que conleva dende os seus diversos ámbitos, que case sempre implican medios, intereses e intervencións. Para falar de educación parece obrigado normativizala entre formalidades e informalidades para diferenciar os modos nos que “se educa”, de educadores a educandos. Falar de educación patrimonial semella entón un construto que deriva daquilo que herdamos conxuntamente e que precisamos que nos eduquen para recoller esas ensinanzas e saber que facer con elas e con aquilo que exclúen, case, de modo predeterminado.

Pero que entendemos nós por educación patrimonial?

A nós gústanos pensala como a vida en común que compartimos nos contextos particulares en que habitamos e nos atopamos en certos momentos. Pensamos que non se trata tanto de entender, mais si de pór en común esas controversias e accionar un *know how* -un saber facer- en que o saber non se torne en poder senón en (pro)mover, no sentido literal; pórnos en movemento e deixar(nos) mover con outras persoas para deixarnos afectar. Nesta emenda, o feito de compartir memorias baseadas nas nosas experiencias vividas para pasar dos intereses aos afectos pode ser unha maneira de contrastalas para atopar unha linguaxe común e acoller as diferenzas. Nese proceso hai tres cousas importantes a ter en conta: sentir, mediar e acordar. Entón estaremos falando de comunidades sensibles, que poñen os sentidos no centro; mediadoras, que achegan os dons que cada unha desexe obsequiar ás demais e tamén a si mesmas; e acordantes, que lembran e acordan xuntas aquilo que se necesita para soster a vida en común.

Sempre hai oportunidades para aprender a recoñecernos nas contornas que nos acollen, relacionarnos coas comunidades que as habitan e acordar o seu coidado, mais pensamos que é importante socializar libremente os comos; facendo. Que faremos logo?

02 Que é KITep?

KITep é un kit de ferramentas para explorar que é iso da educación patrimonial, e producila xuntas entre vellos e novos patrimonios que fan parte da nosa memoria común en calquera lugar, en calquera situación e con calquera persoa humana e non humana.

Tamén podemos imaxinar o **KITep** como un kit *extended play* (ep), coma un tocadiscos que nos permita crear formatos en que poidamos escoitar memorias pasadas, presentes e futuras máis ou menos longas; un termo medio entre un álbum de memorias, máis extenso, e un *memorial single*, máis sinxelo.





Pero non podemos concretar que é **KITep** sen situarnos no enfoque procomún da educación patrimonial; un lugar en que nos sentimos cómodas porque pensamos que non hai educación patrimonial sen comunidades e porque entedemos que se trata dun procomún de todos e de ninguén ameazado por unha sorte de políticas e xestións que avogan polo seu cercamento, coma a auga, o ar, as rúas, os parques, Internet, a nosa lingua ou os nosos corpos. Sostelos de maneira eficiente ao longo do tempo é posible se nos comprometemos e se nos deixamos afectar. O procomún é un réxime de propiedade alternativo aos modelos público e privado que se centra no coidado das contornas -corpo, medio ambiente, dixital e urbana- e dos seus bens tanxibles e intanxibles. As comunidades que producen e conviven con eses vellos e novos procomúns son as encargadas de xestionalos para o seu uso, coidado e transmisión futura.

KITep céntrase en tres aspectos:

1. A **experiencia das personas** considerando as súas diferentes realidades e situacións.
2. A **participación comunitaria** nos espazos educativos dentro e fóra das aulas de maneira aberta e flexible.
3. A **toma de decisións** para deseñar entre tódalas persoas implicadas as ferramentas que poderán ser adaptadas, xerando versións nas súas diversas formas e contidos.

03 PARA QUE KITep?

Un kit de ferramentas para...

1. Recoñecer as catro contornas do procomún.
2. Promover comunidades de afectadas.
3. Codeseñar ferramentas e activalas en espazos sociais.
4. Practicar a mediación intercultural, artística e comunitaria.
5. Acordar xuntas como coidar, soster e herdar os procomúns.

04 COMO USAR KITep?

Kit de tips

#Tip1 Explora os formatos analóxicos.

#Tip2 Explora os formatos dixitais.



#Tip3 Faino só ou con outras persoas.

#Tip4 Explora distintas ferramentas.



05 KIT DE FERRAMENTAS

MAPAS DO PROCOMÚN



QUE É?

Un mapa individual e/ou colectivo que recolle subxectividades relacionadas coas catro contornas do procomún -corpo, cidade, Internet e medio ambiente-.

PARA QUE SERVE?

Para recoñecer que elementos ameazan as nosas contornas, e reflexionar sobre como coidamos deles e cales son as comunidades encargadas dese coidado.

COMO SE FAI?

Para comezar é importante ler o breve ensaio “Los cuatro entornos del procomún” de Antonio Lafuente: https://digital.csic.es/bitstream/10261/2746/1/cuatro_entornos_procomun.pdf

Se o fas ***individualmente***:

- Escolle unha das 4 contornas do procomún -corpo, cidade, medio ambiente, Internet-.
- Durante unha semana, dedicándolle un momento cada día, pon os teus sentidos nesa contorna para reflexionar sobre como che afecta e como te relacionas con ela na túa vida cotiá. Toma conciencia do teu corpo e dos outros corpos cos que te relacionas; observa como e para que usas Internet ou como o usan outras; mira, escoita, toca ou ule o medio ambiente, a cidade ou o territorio en que vives.
- Debuxa, colorea e anota con palabras ou frases as sensacións, a modo de mapeo relatado e con contido crítico. Se o precisas, podes guiarte por preguntas tipo: como é? A que ole? A que sabe? Como soa? Como é o seu tacto? Como inflúe esa contorna en min? Que sinto? Como reacciono? Que efectos ten en min ou noutras? A contorna edúcame ou eu educo a contorna? Como a represento de maneira gráfica?
- Escanea o teu mapa en resolución 300dpi e formato .jpg ou .png e ponlle o teu nome. Exemplo: MapaDoProcomúnAdela.jpg
- Comparte con outras persoas a túa experiencia. Podes conversalo en físico, de maneira virtual ou compartir o resultado en redes sociais, algún blog ou publicación.
- Tempo estimado: unha semana.

COMO SE FAI?

Se o facedes ***colectivamente***:

- Xuntámonos varias persoas en grupos de non máis de 10 persoas por contorna.
- Organizamos un encontro presencial ou virtual en que debater sobre a importancia desa contorna: por que é importante para nós? Recollemos un ítem por persoa que defina esa importancia e anotámolo nunha folla ou en post-it de cores.
- Debuxamos, coloreamos e anotamos con palabras ou frases as sensacións que notades, a modo de mapeo relatado e con contido crítico. Ou ben...
- Deseñamos catro mapas baseados no contexto xeográfico en que vos ides enfocar. Os mapas podedes conseguilos na páxina do catastro do voso Concello, en Google Earth, en Google Maps, en Open Street Map ou debuxalo a man.
- Acompañamos cada mapa de preguntas guía, detonadoras de conversacións e xeradoras de pensamiento crítico.
- Escollemos iconografía referente aos temas; podemos atopar iconas libres en Internet ou deseñalas nós mesmos. Tamén se poden usar fotografías ou recortes de revistas.
- Seleccionamos temas por categorías e un código de cores por tema.
- Mercamos ou facemos adhesivos de cores básicas -vermello, amarelo, verde, azul- para identificar os temas.
- Intervimos o mapa escribindo palabras, frases e debuxando frechas de conexión que relacionen lugares xunto coa iconografía para situar problemáticas, afectacións, fenómenos ou persoas que relaten aquilo que queredes plasmar.
- Escaneamos os mapas en resolución 300dpi e formato .jpg ou .png.
- Compartimos con outras persoas a experiencia. Podemos conversalo en físico, de maneira virtual ou compartir o resultado en redes sociais, algún blog ou publicación.
- Tempo estimado por cada mapa: 30 min. para debater sobre a contorna; 1 hora para facer o mapa e 30 min. para poñelo en común e facer unha reflexión conxunta.
- Tempo total estimado: 2 horas.

Materiais: papeis de estraza, follas en branco, cartolinas, rotuladores de colores de punta grosa e fina, ceras de cores ou xices, revistas para recortar, tixeiras, pegamento ou cinta adhesiva.



KIT PROCOMÚN

MAPA DO PROCOMÚN ANALÓXICO



CIDADE
Obxectivo: recoñecer a cidade como unha contorna do procomún. *Preguntas guía*: que afecta aos bens comúns da túa cidade? Están ameazados os parques, as prazas, as rúas, os edificios? Por que? Sénteste identificada con algún lugar? Onde se sitúa? Por que te identificas con el?...



MEDIO AMBIENTE
Obxectivo: recoñecer o medioambiente como unha contorna do procomún. *Preguntas guía*: como é o ambiente no que vives? Que ameazas hai? Como participas ti para solventar problemáticas ambientais? Hai comunidades que coidan do medio ambiente?...



DIXITAL
Obxectivo: recoñecer Internet como unha contorna do procomún. *Preguntas guía*: que tecnoloxía usas na túa vida cotiá? Para que? Utilizas software libre ou privativo? Coñeces iniciativas sociais que promovan o acceso ás tecnoloxías libres? Como afecta Internet ás outras contornas?...

CORPO
Obxectivo: recoñecer o corpo como unha contorna do procomún. *Preguntas guía*: que partes do teu corpo usas máis na túa vida cotiá? Para que? Que dores corporais tes ou sentes? Identifica de onde veñen e onde se atopan....

MAPA DO PROCOMÚN DIXITAL



Plataformas:
Para descargar iconografía e imaxes: Remix Icon, Icon Archive, Flaticon, Wikimedia Commons e Iconoclasistas.

Para facer os mapas colaborativamente: Milanote [software libre], Excalidraw [software libre] ou Miro [software privativo].

AFECTÓMETRO



QUE É?*

Unha ferramenta para medir as nosas afectacións positivas, negativas ou neutras nunha liña de porcentaxe.

PARA QUE SERVE?

Ten como obxectivo recoñecernos como unha comunidade de persoas afectadas para identificar cousas que nos afectan na nosa vida cotiá.

COMO SE FAI?

- Decidimos se imos usar o afectómetro en formato analóxico ou dixital.
- En analóxico imprímese o afectómetro ou debúxase a man nunha cartolina branca de gran formato. En dixital, escóllese a plataforma que máis nos conveña para abrir un taboleiro titulado “Afectómetro” onde se sobe a imaxe do afectómetro en formato .jpg ou .png como fondo.
- Escollemos o tema co cal imos traballar. Exemplos: patrimonio inmaterial, contaminación medio ambiental, espazos públicos, etc.
- Formamos grupos de non máis de 10 persoas.
- Pedimos ás participantes que pensen en algo que lles afecte na súa vida cotiá, no lugar onde viven e onde se relacionan.
- Cada persoa escribe dúas afectacións en dous post-it de cores. En dixital, por exemplo, en laranxa “afectacións na miña vida cotiá”; en verde “afectacións ao patrimonio”, etc.
- Colocamos os post-it coas afectacións negativas arriba e as positivas abaixo na liña de porcentaxe do 0 ao 100%, segundo che afecte máis ou menos.
- Poñemos en cómun as afectacións e reflexionamos sobre se hai outras persoas coas que temos algo en común para deixarnos afectar xuntas.
- Tempo estimado: 1 hora.

*Adaptación do Animómetro creado por Tejeredes: https://sites.google.com/tejeredes.net/web/tejeredes

KIT AFECTIVO

AFECTÓMETRO ANALÓXICO

Materiais:

Pregos ou cartolinas brancas, papel de estraza; rotuladores e post-it de cores; mapas debuxados ou impresos.



AFECTÓMETRO DIXITAL

AFECTÓMETRO

Sitúa las afectaciones positivas por encima de la línea de porcentaje y las negativas por debajo.
La línea de porcentaje sirve para señalar en qué medida te afecta algo -mucho 100% ó poco 0%-.



Plataformas:

Milanote [software libre] ou Padlet [software privativo].
Ámbalas dúas permiten baixar os resultados finais en formato .png ou .pdf.



DERIVA [CON] SENTIDOS

QUE É?

Unha técnica para recoñecer espazos que podemos practicar soas ou con outras persoas. O paseo realízase deixándonos levar polo que xurda no camiño.

PARA QUE SERVE?

Para recoñecernos nos espazos sociais; para rexistrar aspectos relevantes; dialogar con outras e observar como nos relacionamos entre nós e coas infraestruturas.

COMO SE FAI?

- Sal camiñar soa ou con outras persoas, tomando o tempo necesario e deixándote levar; sen nada preconcibido. Podes repetir a deriva as veces que queiras, polos mesmos lugares ou por outros.
- Se saes con outras persoas queda con elas nun espazo público como punto de partida.
- Concreta o tempo da deriva, se é necesario, e sinala un lugar de encontro ou comparte un medio de comunicación por se alguén se perde ou queredes compartir as experiencias durante o camiñar.
- De ser necesario, explica que é unha deriva e para que servirá. Podes explorar a Teoría da deriva de Guy Debord e Os Situacionistas ou ler o ensaio Camiñar de H.D. Thoreau como punto de partida.
- Leva contigo unha cámara ou un móbil para tomar fotos ou gravar vídeos e sons (sempre con consentimento); un caderno, lapis ou rotuladores para anotar e debuxar o que ves ou o que escoitas. Se vas en grupo, invita os demais a facer o mesmo. Tamén podes levar un mapa da zona debuxado ou impreso como guía ou crear o teu propio mapa no camiño.
- Durante a deriva cadaquén é libre de se perder.
- Atrévete a camiñar por lugares que non coñeces e a conversar coas persoas que atopes.
- Reúnete coas demais persoas, se fostes en grupo, para compartir como foi a experiencia, ou ben interactúa nas redes ou nalgún blog coas túas anotacións, rexistros ou mapas.
- Tempo estimado: de unha xornada a unha semana, segundo as necesidades de cada persoa, comunidade ou contexto.



KIT DERIVA

DERIVA ANALÓXICA

Materiais:

Follas de papel ou caderno, lapis ou rotuladores, mapas impresos, móbil, cámara ou gravadora.

DERIVA DIXITAL



Plataformas:

Open Street Map [software libre], Google My Maps [software privativo] ou Organic Maps [app libre].

MAPEO COLECTIVO [LENTO]

QUE É?

Unha ferramenta que visibiliza historias, localiza problemáticas, actividades, lugares ou persoas. Esta información socialízase nun espazo público a partir das opinións de cada persoa o grupo de persoas.

PARA QUE SERVE?

Para identificar problemáticas que nos afectan nos territorios que habitamos e reflexionar xuntas sobre o coidado dos bens comúns.

COMO SE FAI?

- Primeiro formulámonos que facer, por que, para que e con quen.
- Segundo, preguntámonos a quen afecta o tema obxecto do mapeo colectivo.
- Escollemos o tema ou temas a abordar, segundo o caso. O mellor é facelo coas comunidades de persoas que viven no territorio.
- Seleccionamos categorías ou subtemas para definir ben o que queremos mapear.
- Redactamos preguntas guía para detonar conversas; non é necesario respondelas ao pé da letra.
- Deseñamos iconografía asociada aos temas; pode facerse en analóxico ou ben en dixital. Tamén poden recompilarse fotografías.
- Mercamos ou facemos adhesivos de cores básicas e de diferentes formas xeométricas ou emojis que servirán para definir códigos de cores asociados ás categorías.
- Imprimimos un mapa do contexto ou territorio sobre o que imos mapear no tamaño que conveña. Imprime en branco e negro ou en cor se se trata dunha ortofoto. Podes conseguilo no catastro do teu Concello, en Google Earth, en Google Maps ou debuxalo directamente sobre un prego.
- Decididimos o espazo onde terá lugar o mapeo colectivo.
- Convocamos xente de maneira física ou na virtualidade. Ás veces os mapeos poden ser improvisados no espazo público sen necesidade de convocatoria.
- Formamos grupos de non máis de 10 persoas por mapa. Se o mapeo é improvisado e aleatorio, non é necesario este paso. Tódalas persoas son benvidas.

COMO SE FAI?

- Aconsellamos que haxa mediadores que escoiten e acompañen as persoas.
- Pode haber alguén que relate graficamente, ou por escrito, o que aconteza; mesmo alguén que rexistre o encontro mediante fotografías ou vídeo, co consentimento das persoas participantes.
- Antes de comezar, compartimos que é e para que o facedes; deixando claro que se trata dunha ferramenta aberta, nun espazo seguro e incluíndo tódalas persoas.
- Mapeamos lentamente, tomando o tempo necesario. Se é preciso repetide o mapeo e tratade de replicalo noutros lugares, tratando de acoller máis persoas.
- Poñemos en común os resultados da experiencia para decidir entre todas que facer cos datos, como analizalos e como divulgalos, en caso necesario.
- Procesamos os datos, seleccionamos os resultados por categorías e códigos de cores e editamos a información. Lembra que o mapa non é de ninguén nin pode haber intereses privativos.
- Se ides divulgar os resultados do mapeo aconsellamos facelo con licenzas libres; sempre decidindo este paso coas persoas involucradas.
- Tempo estimado: unha xornada ou mínimo 3 horas. Pódese ampliar o tempo segundo se precise.

O importante dun mapa non é o que amosa, é o que esconde

https://www.yorokobu.es/mapas/

KIT MAPEO

MAPEO COLECTIVO ANALÓXICO



Materiais:

Autocolantes de cores básicas, mapa impreso e rotafolio en branco, plumóns de cores, iconas impresas en papel adhesivo, pegamento, tesoiras, mesas amplas, fotografías, revistas, cadeiras e cámara.

MAPEO COLECTIVO DIXITAL





Plataformas:

Para mapear: Ushahidi, Open Street Map [software libre], Google My Maps [software privativo].
Para datear: Inskape [software libre].

GALERÍA BICOMÚN

QUE É?

Unha galería fotográfica de bens comúns dun territorio que se expón nun espazo público acompañada de preguntas que fan referencia á súa memoria, conservación ou uso.

PARA QUE SERVE?

Para diagnosticar colectivamente en que estado se atopan eses procomúns, como e para que se usan, que queremos facer con eles ou que memorias entrañan na nosa relación con eles.

COMO SE FAI?

Se o facedes ***fisicamente***:

- Decidimos onde terá lugar o BIComún*.
- Seleccionamos de 10 a 15 elementos patrimoniais da vila, bisbarra ou a área xeográfica. Pode que exista algún ben amezado que queramos visibilizar ou reclamar. De preferencia, a selección faise con persoas da comunidade, asociacións, veciños, persoas afectadas, etc. As ferramentas da deriva ou o mapeo colectivo poden servir para este proceso.
- Escollemos un muro ou parede asociada ao ben, nun lugar preferentemente visible onde pase a xente e que leve consigo algún valor simbólico para a vila e para a comunidade.
- Deseñamos os cartaces coas fotografías e unha descrición que inclúa o nome, o crédito ou autoría da imaxe, a localización, a época, a propiedade e unha breve descrición do ben.
- Imprimimos en branco e negro ou en cor, segundo o presuposto co que contes.
- Mercamos ou facemos a man etiquetas de dous tipos:
- De cores: responden a preguntas sobre se os bens son coñecidos, se están ben/mal conservados ou se precisan dunha intervención. Invitan ao diálogo, danse opinións e coméntanse as decisións.
- En branco: para escribir unha frase ou palabras persoais que teñen que ver coa nosa relación co ben. Trátase dun exercicio interno que sae do diálogo emocional. O que se escribe é unha reflexión.

*BIComún é un acrónimo, suma das siglas BIC (Ben de Interese Cultural) e de Procomún, acuñado pola asociación cultural Niquelarte no ano 2013 http://bicomun.org/

COMO SE FAI?

- etiqueta azul = non o coñezo
- etiqueta verde = está ben conservado
- etiqueta vermella = está mal conservado
- etiqueta amarela = gustaríame reutilizalo / que o rehabiliten

etiqueta branca = tag emocional, engade unha palabra ou frase que a foto che transmita

- Para persoas maiores convén que as etiquetas sexan de tamaño grande.
- Podes mudar as preguntas, engadir novas etiquetas e editar esta proposta.
- Imprimimos un cartaz co logo do BIComún onde apareza o enderezo web.
- Escollemos unha data para o encontro.
- Convocamos a xente, difúndese e socialízase nas redes sociais físicas e virtuais.
- Colocamos o material no valado.
- Acompañamos a xente que o precise en todo momento.
- Documentamos con fotos, vídeos, entrevistas, etc. sempre co consentimento das persoas participantes.
- Analizamos a información e procesamos os resultados da experiencia.
- Tempo estimado: unha xornada.
- Contactamos a adedoblev@gmail.com para publicar os resultados na web http://bicomun.org/

Se o facedes ***dixitalmente***:

- O noso espazo público será unha videoconferencia pero os pasos serán case os mesmos.
- Escollemos a plataforma de videoconferencia. Nós aconsellamos Jitsi por ser software libre.
- Escollemos a plataforma colaborativa na que facer o BIComún; Milanote, por exemplo.
- As plataformas permítennos copiar a ligazón á páxina de maneira pública para convidar xente, pero ten que estar configurado para que calquera persoa que acceda con enlace poida editar.
- Preparamos o taboleiro na nosa plataforma colaborativa con todo o necesario.
- Durante a videoconferencia explicamos os procedementos a seguir.
- Coa función “compartir pantalla” amosamos o taboleiro colaborativo.
- Unha vez dentro do taboleiro explicamos como se usa, as ferramentas que contén e cal son as posibilidades para intervir a galería BIComún virtual.

1. Poñemos en común a experiencia e abrimos un espazo para conversar e pensar xuntas o que facer cos resultados e como procesalos.
2. Tempo estimado: máximo 2 horas e media.

KIT BICOMÚN

BICOMÚN ANALÓXICO

Materiais:

Fotografías impresas en cartaces tamaño tabloide (11x17 cm), cartolinas, adhesivos brancos e de cores básicas e diferentes formas, rotuladores, bolígrafos, cordas, pinzas da roupa, cartaz co logo do BIComún.

BICOMÚN DIXITAL

Plataformas:

Jitsi [software libre para videoconferencias]





Milanote [software libre para diagnose colectiva]

Wordpress para páxinas web
http://bicomun.org/



06 KIT DE SUXESTIÓNS

ESTE KIT NON É UN RECETARIO.

VOLVE A ESTE KIT CANDO O PRECISES.

EXPLORA AS FERRAMENTAS SOA OU CON OUTRAS.

CAMBIA A ORDE PARA CREAR OS TEUS PROPIOS PASOS.

FAI VERSIÓNS DESTE KIT.

ADAPTA O KIT AO TEU CONTEXTO.

O KIT É DE BAIXO CUSTO. RECICLA!

ABRAZA O PROCOMÚN.

NON ESQUEZAS AS TRES ACCIÓNS IMPORTANTES:
SENTIR, MEDIAR E ACORDAR.



07 KIT DE RECURSOS

MANUAIS

Cómo hacer patrimonios comunes en el rural_Underground Arqueología: http://laaventuradeaprender.intef.es/guias/-como-hacer-patrimonios-comunes-
Manual de mapeo colectivo_Iconoclasistas: https://www.iconoclasistas.net/
Cómo hacer un collage_Teresa Rubio, Ainara Díaz e Adela Vázquez: http://laaventuradeaprender.intef.es/guias/-como-hacer-un-collage-
Cómo hacer un relatograma_Carla Boserman: http://laaventuradeaprender.intef.es/guias/como-hacer-un-relatograma
Cómo hacer un mapeo colectivo_VIC, Vivero de Iniciativas Ciudadanas: http://laaventuradeaprender.intef.es/guias/como-hacer-un-mapeo-colectivo

LECTURAS

La magia de los mapas sociales_Antonio Lafuente: https://www.academia.edu/36137000/La_magia_de_los_mapas_sociales
Teoría de la deriva_Guy Debord: https://centrito.files.wordpress.com/2010/11/teoria-de-la-deriva-guy-debord.pdf
Caminar_H.D. Thoreau: https://mediosyhumanidades.files.wordpress.com/2016/04/henry-thoreau_caminar.pdf

WEBS

BIComún
Underground Arqueología
Iconoclasistas
Archivo Situacionista Hispano